

REGULAMENTO DO CONSELLO VECIÑAL DE VILAGARCIA DE AROUSA

CAPITULO I: DO CONSELLO VECIÑAL DE VILAGARCIA

ART. 01: O órgano específico de participación cidadá, será o Consello Veciñal de Vilagarcía (C.V.V.), que ten como obxecto promover e canaliza-la participación das entidades citadas na vida municipal.

ART. 02: O Consello Veciñal de Vilagarcía, poderá crear por acordo da súa asemblea, Comisións de Sectoriais de traballo, en todas aquelas áreas nas que o considere necesario, como por ex. Urbanismo, Sanidade, Cultura, Deportes, etc.

ART. 03: O Consello Veciñal de Vilagarcía, regularase por este Regulamento, polo Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Vilagarcía, e pola Lexislación específica que exista sobre o tema.

ART. 04: O Consello Veciñal de Vilagarcía, estará formado por una Asemblea Xeral, que estará formado como segue:

- Presidente, que será o Alcalde ou Concelleiro delegado.
- Un representante de cada Grupo Municipal
- Dous representantes de cada asociación veciñal.

ART. 05: A Asemblea Xeral, elixirá semestralmente, e nunca por dous períodos consecutivos, unha Comisión Executiva que estará formada por:

- Un Presidente.
- Un Vicepresidente.
- Un Secretario-Tesoureiro.
- Catro vocais.

Cada un de estes sete membros, serán en representación de sete asociacións distintas.

Serán competencias da Comisión Executiva: face-lo seguimento puntual dos acordos tomados pola Asemblea Xeral.

ART. 06: A Asemblea Xeral, reunirase polo menos unha vez cada trimestre, e sempre que a Comisión Executiva o estimen preciso.

ART.07: A Asemblea Xeral, poderá cesar, por maioría simple dos seus membros, a comisión Executiva, cando así o soliciten por escrito como mínimo, un tercio dos membros da Asemblea.

ART. 08: Son competencias do Consello Veciñal de Vilagarcía:

- a) Presentar iniciativas, propostas ou suxerencias o concello para ser discutidas nos Organos Colexiados os que lles corresponda, así como colaborar nos estudos e na elaboración de programas e proxectos.
- b) Discuti-lo programa anual de actuación, o presuposto e face-lo seguimento da xestión municipal.
- c) Participar nos Patronos e Empresas Municipais:
 - c.1) Nos Estatutos dos Institutos, Fundacións, ou calquer outro organismo autonomo municipal, contemplarase a participación do C.V.V. cos mesmos dereitos e deberes que os demais membros.
 - c.2) Nos Consellos de Administración das empresas municipais ou mixtas, estarán presentes representantes do C.V.V., do mesmo xeito que nas Comisións de seguimento das concesións administrativas dos Servicios Municipais.
- d) Recibir tódala información precisa para face-lo seguimento daqueles temas de interes para o C.V.V., así como ter pleno acceso os expedientes correspondentes.
- e) Ser consultados no caso de os órganos decisorios do Concello debatan asuntos de transcendencia para os cidadáns, como Plans de Actuación Municipais, Revisión do Plan Xeral de Ordenación Urban, Plans de conxunto sobre saneamento, transporte, vivenda, educación, emprego e outros servicios públicos.
- f) Ser consultados no tema das subvencións as Entidades sociais, para cal o Concello remitirá o C.V.V. os proxectos presentados que sexan susceptibles de subvencionar. O C.V.V. emitirá un informe o respecto da procedencia ou non de dita subvención.
- g) Informar o Concello sobre o cumprimento das Ordenanzas por parte do vecindario.
- h) Participar na xestión dos Centros Sociais, Casa de Cultura, Instalacións Deportivas, Bibliotecas e outros Centros e Instalacións Municipais.
- i) E calquer outra que a Asamblea do C.V.V. estime oportuno.

CAPITULO II: DA INICIATIVA CIDADADA.

ART. 09: Calqueira veciño ou entidade cidadá, poderá prantexar unha iniciativa.

A traveso da iniciativa cidadá, poderase recabar do Concello a execución dunha determinada actuación de competencia e interés público municipal.

ART. 10: A iniciativa será presentada en escrito dirixido o Alcalde, e nela deberán figurar os datos de identificación de quen firme a iniciativa, e se fose o caso, en nome de que Asociación intervén.

ART. 11: A Concellería de Participación Cidadá informará o solicitante do trámite que se lle vai dar a iniciativa. Se a proposta chega a debatirse nalgún órgano municipal, remitirá o propoñente, nun prazo máximo de trinta días, copia da parte de acta da sesión, na que se trate o tema. O Presidente do Organo Colexiado en cuestión, poderá recaba-la presenza do firmante na sesión, a efectos de explicala e defendela por si mesmo.

ART. 12: Na redacción dos presupostos anuais, o Concello terá en conta as iniciativas cidadas aprobadas, coidando de que todas elas dispoñan na medida do posible, da dotación presupostaria suficiente para levalas a cabo.

CAPITULO III: DA PARTICIPACIÓN VECIÑAL NOS ÓRGANOS DO CONCELLO.

ART. 13: O C.V.V., o amparo do disposto no Regulamento de Participación Cidadá, terá a posibilidade de intervir ante o Pleno da Corporación.

ART. 14: O Presidente do Cc.V.V. poderá solicitar os Presidentes de cada unha das Comisións Informativas Municipais, a participación en dita Comisión, dun representante da Comisión Sectorial correspondente, con obxecto de expoñe-lo punto de vista do C.V.V. queira intervir na Sesión Plenaria da Corporación.

A participación na Comisión extenderase a un representante daqueles colectivos que presenten unha moción o Pleno, con obxecto de que poidan expoñela.

ART. 15: O C.V.V. poderá dirixirse a Comisión Municipal de Goberno a traveso da Consellería Delegada de Participación Cidadá, para informar a dita C.M.G. sobre temas de ampla trascendencia para a cidadanía.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS:

Primeira: Para a resolución das cuestións non previstas no presente Regulamento, facultase a Comisión Municipal de Goberno, para que resolva, previo informe da Concellería Delegada de Participación Cidadá.

Segunda: A modificación total ou parcial do presente Regulamento corresponde a Asemblea Xeral do C.V.V., e necesita dunha maioría de 2/3 dos seus membros.

Para que dita modificación entre en vigor, terá que ser refrendada polo Pleno da Corporación.

Vilagarcía de Arousa, a 3 de abril de 1992.

w w w . i v i l a g a r c i a . c o m